



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, IRIXOA 2018

1. Poderán presentarse todos aquelas persoas interesadas, individualmente ou en grupos (3 persoas ou máis), sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.
2. Non haberá inscrición, os/as participantes desfilarán e poderán realizar unha posta en escea e o xurado valorará tanto os disfraces como a actuación.
3. A temática a representar é libre.
4. O Concurso de disfraces realizarase o 12 de febreiro, no Polideportivo Municipal a partir das 18:00 horas para infantil e, nunha carpa no Campo da Festa de Irixoa, a partir das 23:00 horas, para xuvenil e grupos.
5. Establécense 3 categorías:
 - Infantil (ata 14 anos)
 - Xuvenil-Adulto (a partir de 14 anos)
 - Grupos (3 ou máis persoas)
6. Soamente se poderá participar nunha das categorías, individual, parellas ou grupo.
7. Os premios establecidos son os seguintes:

INDIVIDUAL INFANTIL

- 1º premio: 90 euros
- 2º premio: 70 euros

PARELLAS INFANTIL

- 1º premio: 90 euros
- 2º premio: 70 euros

INDIVIDUAL XUVENIL-ADULTOS

- 1º premio: 110 euros
- 2º premio: 90 euros

PARELLAS XUVENIL ADULTOS

- 1º premio: 110 euros
- 2º premio: 90 euros

GRUPOS (de 3 ou máis persoas)

- 1º premio: 210 euros
- 2º premio: 190 euros

8. Nomearanse dous xurados que serán os encargados de outorgar os premios, tendo a facultade de non admitir no concurso a aqueles participantes que consideren que non reúnen as condicións estéticas suficientes.
9. Os xurados estarán formados polos compoñentes da empresa que realice o festival infantil, no caso de concurso de disfraces infantil, e por algúns dos componentes da orquestra que actúe na Festa de entroido no caso de xuvenil e adultos.
10. A animadora sociocultural, Maria Elisa Alonso Figueroa actuará de secretaria.
11. Os fallos dos xurados realizaranse o mesmo día do concurso. Valorarán a orixinalidade, a laboriosidade, así como a posta en escea, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.
12. A entrega de premios en todas as modalidades realizarase o mesmo día do concurso, tras a deliberación dos membros do xurado.
13. As persoas premiadas asinarán a aceptación de premio. No caso das nenas/nenos será un dos pais ou titores legais os que teñan que asinar a entrega do premio por parte da secretaria.
14. A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.